REUNIÓN DA COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de abril de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 4280 (10/POC-000732)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha da campaña "Galega 100 %" e a súa repercusión na situación do leite galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

1.2 4733 (10/POC-000818)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o alcance e os mecanismos de control que se están a levar a cabo en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca e as medidas previstas para o seu control no cultivo para autoconsumo, así como a posta en marcha dalgún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para a súa erradicación e o establecemento dalgún plan de indemnizacións para os cultivadores afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.3 5072 (10/POC-000872)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os datos referidos ao pagamento anticipado das axudas da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias galegas, as previsións da Xunta de Galicia respecto dos fondos que van percibir os agricultores con cargo a estas axudas no período 2017-2018 e a súa valoración en relación con este tipo de apoios para o sector agrogandeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

1.4 6440 (10/POC-001119)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás explotacións de gando vacún de leite que pecharon e as baixas de titularidade na actividade pecuaria producidas no período 2012-2016

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.5 6637 (10/POC-001155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as informacións referidas á queima en Sogama das patacas arrincadas nos concellos afectados pola couza guatemalteca, a existencia dalgún protocolo para a súa destrución e as medidas previstas para evitar a posible infestación derivada do seu traslado, así como a garantía da inexistencia de perigo de contaxio no concello de Cerceda a consecuencia do proceso de eliminación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.6 7171 (10/POC-001248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para frear a perda de emprego no sector agrario galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 5439 (10/PNC-000519)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha liña de axudas para a ordenación do monte destinada ás comunidades de montes veciñais en man común e a aqueles propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

2.2 5571 (10/PNC-000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a súa participación na comercialización e valor engadido da produción

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

2.3 7347 (10/PNC-000756)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de "Eucalyptus nitens", respecto das previsións do Plan forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 7.ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 4280(10/POC-000732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha da campaña "Galega 100 %" e a súa repercusión na situación do leite galego

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4280
Data envio: 30/01/2017 18:53:30.338

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e **Daniel Vega Pérez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Xunta, na súa aposta pola promoción e o consumo dos produtos agroalimentarios galegos, puxo en marcha a campaña Galega 100% para reiterar e amosar o firme compromiso da administración galega co sector leiteiro, e co obxecto de servir como garantía de calidade para os consumidores.

Esta marca e a súa xestión é propiedade do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), organismo no que están representadas as industrias lácteas e os produtores de leite.

Este selo de calidade identifica o leite e os produtos lácteos feitos con materia prima galega -procedente de explotacións leiteiras que acadan de modo continuado parámetros de calidade superiores aos esixidos pola normativa comunitaria-, elaborados e envasados en Galicia.

Esta distinción ten como principal obxectivo facer posible a identificación, por parte dos consumidores, dos produtos lácteos galegos de calidade diferenciada con tan só ver unha identificación.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a valoración do Goberno galego sobre a posta en marcha e repercusión da Campaña GALEGA 100% na situación do leite galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 30/01/2017 18:50:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4280
Data envio: 30/01/2017 18:53:30.338

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 30/01/2017 18:50:50

Moisés Blanco Paradelo na data 30/01/2017 18:50:58

Carlos Gómez Salgado na data 30/01/2017 18:51:07

Carlos Enrique López Crespo na data 30/01/2017 18:51:16

Daniel Vega Pérez na data 30/01/2017 18:51:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4733(10/POC-000818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o alcance e os mecanismos de control que se están a levar a cabo en relación coa praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca e as medidas previstas para o seu control no cultivo para autoconsumo, así como a posta en marcha dalgún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para a súa erradicación e o establecemento dalgún plan de indemnizacións para os cultivadores afectados

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 4733
Data envio: 08/02/2017 11:42:37.856

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

A pataca (*Solanum taberosum*) colleu carta de natureza nas nosas leiras a partir do século XIX e axudou notablemente na mantenza das familias do noso país, mesmo permitiu aguantar en mellores condicións os envites da fame. Desde esa época forman parte tanto da paisaxe como da dieta e tradición culinaria galega.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da polilla guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas Illas Canarias, e en 2015 detectase a súa presenza na zona de Ferrolterra, desde onde se expandiu a todos os concellos da Mariña lucense.

A día de hoxe, polas noticias que se coñecen, a praga está radicada no norte das provincias da Coruña e de Lugo, pero non hai elementos que nos dean seguranza da extensión da praga máis alá da zona indicada no norte da Coruña e Lugo.

De momento as grandes zonas de cultivo de pataca como A Limia e Bergantiños parece que están libres da presenza da praga ao igual que outra das zonas con IXP como é Lemos, pero non é menos certo que unha das zonas con IXP da pataca si está afectada, Terra Chá-Mariña lucense.

Á espera das medidas que se podan concretar no esperado decreto do Ministerio de Agricultura (por afectar a dúas comunidades autónomas) a Consellería ten posta en marcha unha corentena que prohibe a saída da pataca. Se ben é certo que o control de plantación e comercialización dos grandes e medianos produtores pode ser doado e efectivo, pero non é menos certo que existen milleiros de potenciais cultivadores para autoconsumo que fan case imposible o control sobre o cultivo a pequena escala, e polo tanto do control da praga coa estratexia anunciada pola Consellería.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 4733
Data envio: 08/02/2017 11:42:37.856

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Diante da alarma suscitada pola presenza da polilla nas leiras do norte de Galicia, e sobre todo pola posibilidade da súa extensión ao resto do territorio e ás grandes zonas de cultivo para comercialización, estamos convencidos de que hai que avanzar tanto na diagnose como no xeito de tratamento desta praga.

Ante esta situación o os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal e delimitación actual da zona afectada, e a que concellos afecta, que mecanismos de control se están a levar a cabo para coñecer a expansión xeografía da praga, estanse a facer controis nas grandes zonas produtoras de pataca para detectar a presenza da polilla?

2ª) É consciente a Consellería do Medio Rural de que unha parte dos veciños e veciñas que cultivan a pataca en réxime de autoconsumo nas zonas afectadas, xa teñen feitas as súas plantacións, e que outros xa teñen mercada a semente, hai pensado algunha medida para controlar a praga entre os cultivadores de consumo propio?

3ª) Dado que hai moitos veciños do rural que continúan coa costume do autoconsumo deste cultivo e cós que vai ser difícil manter os mecanismos de control propostos pola Consellería para erradicar esta praga, hai posto en marcha por parte da Consellería algún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para atopar algún outro tipo de solución para erradicar esta praga?

4ª) Ten a Consellería previsto algún plan de indemnizacións para os afectados, ben por non poder plantar e/ou vender patacas da semente, ou chegado o momento por desfacerse da produción

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 11:42
Nº Rexistro: 4733
Data envio: 08/02/2017 11:42:37.856

Grupo Parlamentario

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/02/2017 11:27:02

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/02/2017 11:27:14

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5072(10/POC-000872)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os datos referidos ao pagamento anticipado das axudas da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias galegas, as previsións da Xunta de Galicia respecto dos fondos que van percibir os agricultores con cargo a estas axudas no período 2017-2018 e a súa valoración en relación con este tipo de apoios para o sector agrogandeiro

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 5072
Data envio: 13/02/2017 17:56:48.603

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz e **Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Diario Oficial de Galicia publicaba o pasado 1 de febreiro, o primeiro día do prazo previsto na lexislación estatal reguladora, tal e como está a ser habitual nas últimas convocatorias, a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se regulamenta a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, no marco da Política Agraria Común (PAC). Axudas correspondentes aos pagamentos directos da PAC (Fondo Europeo de Garantía, FEAGA) e ás medidas agroambientais de desenvolvemento rural (zonas con limitacións naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións en terras non agrícolas).

A fin destas achegas é reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana e potenciar aos agricultores activos, poñendo especial énfase nas prácticas agrícolas que resulten beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

Aberto o prazo de presentación de solicitudes para a campaña 2017-2018 resulta apropiado facer balance do adianto do pago da PAC 2016-2017, aínda sendo conscientes de que o período legalmente establecido para aboar o importe íntegro das mencionadas achegas finaliza o vindeiro 30 de xuño, polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales foron os conceptos, os importes e o número de beneficiarios do pagamento anticipado da PAC correspondentes á campaña 2016-2017 en cada unha das provincias de Galicia?

2. Que previsión manexa o Goberno galego en relación cos fondos que recibirán os agricultores e gandeiros galegos con cargo ás axudas da PAC no período 2017-2018?

3. Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de apoios para o noso sector agrogandeiro?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 5072
Data envio: 13/02/2017 17:56:48.603

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 17:52:49

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 17:52:58

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 17:53:05

Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:53:13

José González Vázquez na data 13/02/2017 17:53:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 17:53:42

Daniel Vega Pérez na data 13/02/2017 17:53:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 6440(10/POC-001119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás explotacións de gando vacún de leite que pecharon e as baixas de titularidade na actividade pecuaria producidas no período 2012-2016

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 11:48
Nº Rexistro: 6440
Data envio: 10/03/2017 11:48:02.049

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

Non hai moitos anos que na maior parte das casas do rural galego había unha explotación con máis ou menos cantidade de gando vacún, pero dende que desapareceron as cotas do leite, a baixada do prezo do litro do leite e o aumento dos prezos nos alimentos do gando, foron desaparecendo as ditas explotacións por non ser rendibles.

E outras pecharon pola falla dun relevo xeracional que se faga cargo da dita explotación, como podería pasar en calquera outro sector.

O sector lácteo é un sector estratéxico para a Comunidade autónoma de Galicia, xa que estas explotacións de gando vacún se atopan á cabeza da produción do sector lácteo español.

O traballo do día a día converte á gandería láctea nunha das actividades capaces de fixar poboación á contorna rural, polo que cantas menos explotacións pechen máis persoas viviran no rural, teriamos a terra traballada (tanto para a alimentación do gando como para o autoconsumo).

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas explotacións pecharon e cantas baixas de titularidade se produciron nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 na actividade pecuaria?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2017 11:48
Nº Rexistro: 6440
Data envio: 10/03/2017 11:48:02.049

Grupo Parlamentario

2ª) Por grupos de idade, en que tramos de idade se sitúan as baixas de titularidade no ano 2016?

3ª) En que tipo de explotacións, polo seu tamaño (unidades gandeiras), se produciron estas baixas de titularidade?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/03/2017 11:44:53

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/03/2017 11:45:03

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 6637(10/POC-001155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as informacións referidas á queima en Sogama das patacas arrincadas nos concellos afectados pola couza guatemalteca, a existencia dalgún protocolo para a súa destrución e as medidas previstas para evitar a posible infestación derivada do seu traslado, así como a garantía da inexistencia de perigo de contaxio no concello de Cerceda a consecuencia do proceso de eliminación

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6637
Data envio: 15/03/2017 11:19:37.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**,**Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Se damos como veraz a información de que toda a pataca arrincada pola prohibición de plantar nos concellos afectados pola couza guatemalteca vai ser queimada en Sogama, temos a obriga de trasladar a preocupación xerada por esta nova no concello de Cerceda e a nosa propia en canto a que poida ser un vehículo de espallamento da praga na vez dun remedio eficaz.

É por estas razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Existe algún tipo de protocolo para a destrución dos tubérculos contaminados?

-Que medidas se van tomar para evita-la posible infestación no traxecto e no propio lugar de destrución?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6637
Data envio: 15/03/2017 11:19:37.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Está garantido que non vai haber contaxio no concello de Cerceda que agora mesmo non está afectado pero que podería estalo se non se adoptan as medidas necesarias para evitar a propagación como consecuencia do proceso de eliminación?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 11:17:43

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 11:17:49

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 11:17:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 11:19
Nº Rexistro: 6637
Data envio: 15/03/2017 11:19:37.377

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 11:17:56

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 11:18:02

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 11:18:05

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 7171(10/POC-001248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para frear a perda de emprego no sector agrario galego

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 17:36
Nº Rexistro: 7171
Data envío: 28/03/2017 17:36:06.799

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre as actuacións que pensa levar a cabo a Consellería de Medio Rural ante a perda de emprego no sector agrario galego.

Os datos da Enquisa de Poboación Activa para 2016 confirman a forte diminución da poboación ocupada no sector agrario galego que vén dándose nos anos recentes; concretamente, a caída alcanzou ese ano o 7,1%.

Deste modo, despois do freo constatado nos primeiros anos da crise económica (no cuadrienio 2008-2011 o descenso limitouse ao 2,4% anual), nos últimos cinco anos (2012-2016) o ritmo de redución da poboación ocupada agraria (-8,4% anual) sitúase en niveis similares aos da fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6% anual), a pesar das limitadas oportunidades de emprego alternativo noutras actividades. De feito, nos anos, 2014 e 2015, o número de ocupados na agricultura case se reduciu nun 20%.

Os últimos informes sinalan que esa reactivación do éxodo agrario resultaba sorprendente nunha conxuntura económica marcada polas dificultades para atopar emprego noutros sectores. Diagnóstico que segue tendo validez, a pesar da lixeira recuperación do emprego non agrario que tivo lugar en 2015.

Tamén temos que ter en conta que a caída da man de obra agraria está sendo especialmente intensa nas mulleres e particularmente entre as máis novas. De feito, en 2015 o número de mulleres con menos de 45 anos ocupadas na agricultura supuxo menos da metade das que había en 2010; dato sumamente preocupante para o futuro do sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 17:36
Nº Rexistro: 7171
Data envio: 28/03/2017 17:36:06.799

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O resultado é que en 2015 a poboación ocupada na nosa agricultura se limitaba xa a 45.600 persoas, só 1/10 aproximadamente da existente hai trinta anos, no momento da integración na UE.

Ademais, as persoas traballadoras que permanecen no sector presentan un importante envellecemento: o 31,2% teñen entre 45 e 54 anos e o 29,7% superan os 54. En consecuencia, é fácil prever que no futuro van continuar os abandonos a un ritmo importante simplemente por razóns demográficas (xubilacións), polo que, de non producirse unha incorporación significativa de traballadores novos, a man de obra agraria seguirá cunha intensa caída.

A evolución galega contrasta de forma notable coa observada a nivel español. Por un lado, no que respecta ás tendencias a medio prazo, no período 1985-2015, a poboación ocupada agraria reduciuse en Galicia nun 89%, mentres que en España só o fixo nun 61,5%. E o contraste é máis acusado se cabe nos anos recentes: no cuadrienio 2012-2015 o descenso limitouse na agricultura española ao 0,7% anual, mentres que na Galiza alcanzou o 8,4%.

Por todo o exposto anteriormente os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Que medidas pensa levar a cabo a Consellería de Medio Rural para frear a diminución de poboación ocupada no sector agrario galego?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 17:36
Nº Rexistro: 7171
Data envio: 28/03/2017 17:36:06.799

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2017 17:35:16

Paula Quinteiro Araújo na data 28/03/2017 17:35:26

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5439(10/PNC-000519)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha liña de axudas para a ordenación do monte destinada ás comunidades de montes veciñais en man común e a aqueles propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 12:13
Nº Rexistro: 5439
Data envio: 21/02/2017 12:13:12.217

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo,** a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª,** sobre as axudas que deben de percibir as comunidades de montes veciñais e propietarias e propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As comunidades de montes veciñais e as propietarias e propietarios particulares, terán que xustificar no futuro que contan con plans de ordenación ou, no seu defecto, que se adhiren ós modelos silvícolas deseñados pola Xunta.

A Administración esixirá a ordenación do monte para que comunidades veciñais e propietarias e propietarios accedan a axudas públicas ligadas á silvicultura.

Estas, tamén terán que xustificar a ordenación -ou a adhesión ós modelos silvícolas- para solicitar permisos de corta.

Estas circunstancias fan que o sector estea a agardar con impaciencia pola convocatoria de axudas para a ordenación de montes, que non saen desde a finalización do anterior Plan de Desenvolvemento Rural, no 2014.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 12:13
Nº Rexistro: 5439
Data envio: 21/02/2017 12:13:12.217

GRUPO PARLAMENTAR en marea

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a convocar de forma inmediata unha liña de axudas para a ordenación de montes, onde aparezan como beneficiarios as comunidades de montes veciñais e propietarias e propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 21/02/2017 11:52:48

David Rodríguez Estévez na data 21/02/2017 11:52:59

Luis Villares Naveira na data 21/02/2017 11:54:42

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 5571(10/PNC-000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a súa participación na comercialización e valor engadido da produción

Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:33
Nº Rexistro: 5571
Data envio: 23/02/2017 10:33:17.052

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do **seu Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz** e **Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

A desaparición das cotas lácteas no mes de abril de 2015 coincidiu cunha conxuntura moi desfavorable no mercado lácteo europeo, agravada polo peche do mercado ruso e o descenso das importacións por parte de terceiros países, unido a uns niveis de produción por riba de anos anteriores e a una redución do consumo no mercado interno.

Cabe precisar que o prezo que perciben os gandeiros galegos polo seu leite ten unha evolución parella aos do resto de produtores da Unión Europea. Isto é debido a que o sector lácteo está fortemente influenciado pola evolución das commodities lácteas nos mercados mundiais que se ven a súa vez fortemente influenciada por acontecementos internacionais.

Houbo ultimamente unha serie de circunstancias que determinaron a forte baixada do prezo desde xaneiro de 2014 ata a actualidade: o embargo ruso, a crise económica de China, a desaparición das cotas lácteas na UE... Afortunadamente as marxes de beneficio obtidas polos produtores non sufriron unha merma tan importante como noutras crises lácteas pretéritas, debido a redución dos custos de produción (alimentación, gasóleo, etc.) a partir de setembro do 2012.

Aínda que a día de hoxe o prezo do leite galego experimentou unha importante suba respecto do ano 2016 o certo é que o sector produtor ten dificultades para manter a rendabilidade das súas explotacións. Neste sento, resulta claro que hai que traballar na dobre vertente da redución de custes e no incremento do prezo de venda do leite.

No ámbito concreto do prezo de venda do leite temos que alonxarnos de solucións intervencionistas e que non teñen amparo na normativa europea ou nacional da competencia, baseadas na fixación por parte da Xunta de Galicia de prezos mínimos para o leite.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:33
Nº Rexistro: 5571
Data envio: 23/02/2017 10:33:17.052

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pola contra, a Xunta traballou dende a desaparición do sistema de cotas na aplicación do chamado "paquete lácteo": un conxunto de medidas para minimizar os efectos da liberalización da produción sobre todo a nivel do elo máis débil da cadea: o sector produtor.

Entre outras medidas, se impuxo a obrigatoriedade da contractualización previa do leite entregado polos produtores aos primeiros compradores e a posibilidade de que o sector produtor defendera os seus intereses a través da constitución das Organizacións de Produtores Lácteos (OPL), as cales teñen exencións para o cumprimento da normativa de Competencia ao poder negociar de xeito conxunto todas as cláusulas do contrato do leite dos seus socios (incluíndo o volume e o prezo), co obxecto de incrementar o seu poder de negociación cos primeiros compradores e facer que esa negociación fóra en condicións de maior igualdade.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente cos gandeiros no fortalecemento das organizacións de produtores como instrumento para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a participación na comercialización e valor engadido da produción".

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 10:33
Nº Rexistro: 5571
Data envio: 23/02/2017 10:33:17.052

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 10:24:29

José González Vázquez na data 23/02/2017 10:24:39

Moisés Blanco Paradelo na data 23/02/2017 10:24:49

Carlos Gómez Salgado na data 23/02/2017 10:24:57

Raquel Arias Rodríguez na data 23/02/2017 10:25:07

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/02/2017 10:25:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/02/2017 10:25:22

Daniel Vega Pérez na data 23/02/2017 10:25:29

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.04.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 7347(10/PNC-000756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de "Eucalyptus nitens", respecto das previsións do Plan forestal

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:51
Nº Rexistro: 7347
Data envio: 30/03/2017 12:51:59.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza, o eucalipto ocupa, segundo o último inventario, 425.000 ha, o que supón aproximadamente un terzo da superficie forestal total. Entre 1995 e 2010 duplicouse a superficie ocupada polo eucalipto e desde 2010 seguiu medrando con intensidade. Esta expansión intensiva do eucalipto supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza, que fixaba a cifra de 245.000 ha para o ano 2032. Isto supón que 15 anos antes xa se superaron nun 76 por cento a previsións do Plan.

2. O incremento das plantacións de eucalipto nas últimas décadas desenvolveuse en moitos casos a custa da forestación de terras agrarias. Segundo diversos estudos, a maior parte das plantacións atópanse en solos susceptíbeis de aproveitamento agrícola. Esta realidade semella absurda e contraditoria, por ser Galiza é un territorio altamente dependente en materia alimentaria, e por sufrir o noso país proceso acelerado de despoboamento e declive das zonas rurais e do interior.

3. O aproveitamento intensivo do eucalipto ten como consecuencia un forte impacto paisaxístico e ambiental. Entre as principais efectos negativos cabe sinalar: a ameaza á diversidade natural, a perda de fertilidade do solo, o consumo de recursos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:51
Nº Rexistro: 7347
Data envio: 30/03/2017 12:51:59.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

hídricos. Por outra banda, os eucaliptais inciden na maior frecuencia e na intensidade dos lumes.

Dentro da potenciación e da expansión do eucalipto por grande parte do territorio galego, nos últimos anos produciuse un fenómeno novo coa proliferación das plantacións de *eucaliptus nitens*, unha variedade máis resistente ás pragas e que desenvolve mellor en zonas do interior non aptas para o *eucaliptus globulus*. Ademais, trátase dunha variedade con pouco valor no mercado e que para moitos organismos científicos ten as características dunha "especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas". Esta proliferación do *eucaliptus nitens* só se xustifica polo seu potencial aproveitamento para as plantas de biomasa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a revisar o Plano Forestal e implantar as seguintes medidas:

1. Aprobar un plan de medidas administrativas e fiscais para:

- Promover a replantación con especies autóctonas de zonas actualmente poboadas con eucalipto e establecer axudas económicas para tal fin.

- Aprobar axudas económicas para recuperar o uso agrario de terras nas que se plantaron especies forestais e que teñen cualificación e potencialidade para cultivos.

- Estudar medidas fiscais para incentivar a plantación de especies autóctonas e a multifuncionalidade do monte (social, ambiental e produtiva).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:51
Nº Rexistro: 7347
Data envio: 30/03/2017 12:51:59.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Promover a declaración do *eucaliptus nitens* como especie invasora e desenvolver un plan para a súa substitución por especies arbóreas autóctonas alí onde sexa posíbel.

3. Prohibir os cultivos enerxéticos e repoñer o decreto 149/2008 que establecía unha limitación de potencia para as plantas de biomasa forestal, tanto unitaria (10MW) como no conxunto de Galiza (80MW).”

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/03/2017 12:51:37

Noa Presas Bergantiños na data 30/03/2017 12:51:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 12:51
Nº Rexistro: 7347
Data envio: 30/03/2017 12:51:59.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2017 12:51:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/03/2017 12:51:50

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2017 12:51:53

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2017 12:51:56